

EXERCICIOS DE REPASO DO VERBO 2

1. Localiza os verbos en forma persoal e di en que tempo están e o valor que teñen:

- Serán as seis e media.
- Viñestes camiñando pola beira do río?
- Daquela xogabades máis na rúa.
- Había unha vez unha nena...
- Aclaradas as cousas, podemos ser amigos.
- No ano 1916 créase a primeira Irmandade da Fala.
- Podería traerme un café con leite, por favor?

2. Completa as oracións coa forma verbal que se indica:

- Cando erades pequenas _____ (rifar: copretérito indicativo) decote.
- Afonso non _____ (cantar: pospretérito) se non estivese seguro.
- Asunción díxolles que _____ (coller: pretérito subxuntivo) cadanseu.
- Quero que cada un de vós _____ (escribir: presente subxuntivo) o seu.
- Onte pola mañá eu mesma _____ (varrer: pretérito indicativo) o meu cuarto.
- Nós non _____ (rematar: futuro indicativo) o traballo ata mañá pola tarde.
- Non creo que _____ (existir: presente subxuntivo) os extraterrestres.
- Vou pasar a tarde _____ (ler: xerundio) na biblioteca.
- Eu _____ (andar: pretérito indicativo) moito e estou moi cansa.
- Cando chegamos ao concerto xa _____ (cantar: antepretérito indicativo) o noso grupo favorito. - De que vos _____ (rir: copretérito indicativo) tanto o outro día?
- Flor _____ (crer: presente indicativo) que ti e mais eu somos irmáns.
- Non creo que ese traste _____ (servir: presente subxuntivo) para nada.
- Belén, _____ (incluír: imperativo) este dato no informe, por favor.
- Estes nenos _____ (dormir: presente indicativo) moi pouco.
- Prefiro que _____ (conducir: presente subxuntivo) Daniel.
- Vós _____ (beber: presente indicativo) pouca auga.
- _____ (servir: imperativo) ti a mesa, mentres vou buscar pan.
- Non creo que _____ (oír: presente subxuntivo) ben se non lle _____ (subir: presente indicativo) o volume á radio.
- Ti _____ (ler: pretérito indicativo) o libro que che _____ (traer: pretérito indicativo) Dorcas?
- Cando _____ (saír: presente subxuntivo), non _____ (esquecer: presente subxuntivo) pechar a porta con chave.

- Eu _____ (querer: pospretérito) que ti _____ (estar: pretérito subxuntivo) alí connosco.
- Non _____ (ver: presente indicativo) o momento de dicirlle que xa _____ (vir: pretérito indicativo) Tino.
- Nós, cando _____ (ser: copretérito) pequenos, _____ (crer: copretérito) nas meigas.
- Dille a Tareixa que _____ (vir: presente subxuntivo) á miña casa en canto _____ (poder: presente subxuntivo).

3. Conxuga os infinitivos cando sexa posible:

- Vouche dicir por que estou aquí.
- Para medrar tedes que comer moito.
- Segues a pensar no que che dixen onte?
- Vinte ao saír nós do instituto.
- Estou a perder a paciencia contigo.
- De saber nós que estabades en Santiago, fariamos o posible por vervos.
- Xa sei que estiveches a chorar toda a tarde polo que che dixo Adolfo.

4. Localiza as perífrases verbais e explica o seu significado:

- Tes que comer pescado polo menos unha vez á semana.
- Ramón está escoitando música no seu cuarto.
- Cando sentiu ladrar o can, Carme botou a correr.
- Hasme deixar o disco que mercaches o outro día?
- Heiche contar un conto moi bonitiño.
- Téñote avisado de que non deixes o anel xunto á ventá.
- Nada máis saír da casa, púxose a chover.
- Paco ten que estudar para o exame de francés.

7. Sinala o timbre da vogal radical das formas subliñadas nos enunciados seguintes e explica as alternancias vocálicas que se producen no paradigma do verbo:

- a) Serves agora o café porque el xa sobe de contado.
- b) Cando les en voz alta espertas a todos.
- c) Mentes cando dis que o esqueces todo de contado.
- d) Levo toda a mañá escoitando como tosés, así que non me veñas con lérias.